

Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****VIGO****Persoal, oposicións**

SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 03/11/23 POLO QUE SE APROBAN OS CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS DOS POSTOS DE TRABALLO C1, C2 E AP DE TITULACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Acordar en base aos fundamentos “ut supra” a suspensión da execución a solicitude dos recorrentes do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/23 polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP do Concello de Vigo (expte. 40685-220) polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

SEGUNDO.- Notificar aos empregados públicos solicitantes da suspensión co número de persoal *6507, *9370, *1887, *6478, *6350 e *4829.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións nos diario oficiais nos que se insertou, así como no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Vigo, data da sinatura electrónica

A xefa de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.

Conforme:



Venres, 29 de decembro de 2023

Núm. 249

A concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023).- María Olga Alonso Suárez

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:\V9TIXFV9WYECY07C

